



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 72/142

Asunto: Formación do Orzamento da Entidade Local e dos entes dependentes.

Ano: Orzamento do 2022.

Grupo Concello de Vigo: Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Marco, Fundación Convention Bureau, Fundación Faimevi en disolución.

Normativa

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Xustificación legal

O Orzamento xeral do Grupo Concello de Vigo para o ano 2022, deberá someterse á consideración do Pleno da Corporación antes do 15 de outubro do 2021, coa documentación que regula o artigo 164 e 165, cos anexos que establece o artigo 166 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Os Organismos Autónomos, en este caso, a Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do Grupo, deberán remitir á Entidade Local o proxecto de Orzamento antes do 15 de setembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2021 17:18	Páxina 1 de 3
72/142	CSV: A7AFA7-ADD8B2-4886DH-UMWKVE-QS7M46-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 72/142

O Orzamento do Concello e o da Xerencia Municipal de Urbanismo, consolidaran os seus estados por ser entes con orzamento limitativo. As Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación con orzamento non limitativo, remitirán os seu orzamentos aos efectos de incluír os mesmos como anexo ao Orzamento da Entidade.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Aos efectos de comenzar o proceso de formación do Orzamento do ano 2022 e dar cumprimento ao previsto no artigo 168.4) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse enmarcar as Liñas Fundamentais do Orzamento sobre as que se fixarán as previsións de ingresos e dos gastos, así como, dar cumprimento ao previsto no artigo 15.1 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro ao Ministerio de Facenda,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude das Resolucións desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda a quen lle corresponde formar o Proxecto de Orzamento Xeral Municipal e propoñer a súa aprobación, emenda ou devolución á Xunta de Goberno Local, á Comisión Informativa e ao Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítese do técnico que ten ao seu cargo a formación técnica do orzamento, a elaboración e os documentos que completen o expediente.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Responsable Superior Contable e Orzamentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2021 17:18	Páxina 2 de 3
72/142	CSV: A7AFA7-ADD8B2-4886DH-UMWKVE-QS7M46-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 72/142

O ALCALDE
ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local, sinatura electrónica.
Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2021 17:18	Páxina 3 de 3
72/142	CSV: A7AFA7-ADD8B2-4886DH-UMWKVE-QS7M46-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		